



Observatorio Local

IDEAS GLOBAIS PARA O GOBERNO LOCAL



Observatorio Local. Ideas Globales para el Gobierno Local é unha publicación especialmente dirixida ao mundo local de **Observatorio de las Ideas S.L.**

COORDINACIÓN EDITORIAL

Elena Costas, doutora en Economía e fundadora de KSNET

EQUIPO DE INVESTIGACIÓN:

Josep Antoni Báguena
Jordi Baltà
Lluís Camprubí
Joan Frigols
Eduard Güell
Benjamín Augusto López
Lluís Medir
Luis Martín
Pol Morillas
Andreu Orte
Esther Pano
Bárbara Pons
Carles Rivera
Jordi Rosell
Paula Salinas
Elisa Stinus Bru de Sala
Mariona Tomàs
Francesc Trillas
Joan-Josep Vallbé
Ferran Vallespinós

EDITA

Observatorio de las Ideas S. L.

PRESIDENTE

Daniel Fernández

COORDINACIÓN DO CONSELLO EDITORIAL

Àngels Ingla

CIF B65855868

Diputación 262 2ª 08007

Barcelona Tel. 93 494 97 20

www.observatoriodli.com

ISSN - edición en papel: 2938-6411

ISSN - edición dixital: 2938-642X

D. Legal : B.3418-2024



Observatorio Local

IDEAS GLOBALES PARA EL GOBIERNO LOCAL

| IDEAS DE INTERESE |

TRANSPARENCIA E FISCALIDADE MUNICIPAL

Recensión de **Carlos Victoria Lanzón** sobre «The Influence of Transparency on Municipal Taxation: An Empirical Analysis».

CLAVES PARA ENTENDER E ABORDAR AS DINÁMICAS SOCIAIS E ECOLÓXICAS NA CIDADE

Recensión de **Mireia Álvarez Soler** sobre «Towards a Systemic Understanding of Sustainable Wellbeing for All in Cities: A Conceptual Framework».

O IMPACTO DAS POLÍTICAS PARA A MOCIDADE CON CAPACIDADE LABORAL REDUCIDA

Recensión de **Anna Chesa Llorens** sobre «Policies for Young Adults with Reduced Work Capacity. Labour Market Impact in Sweden and Norway».

O IMPACTO A LONGO PRAZO DA POLÍTICA INDUSTRIAL SOBRE O DES-ENVOLVEMENTO LOCAL E A MOBILIDADE ECONÓMICA

Recensión de **Javier Asensio** sobre «The Long-Run Impacts of Public Industrial Investment on Local Development and Economic Mobility: Evidence from World War II».

| LIBRO DESTACADO |

UNHA XERACIÓN ANSIOSA: TELÉFONOS INTELIXENTES, REDES SOCIAIS E «FAMILIAS HELICÓPTERO».

The Anxious Generation: How the Great Rewiring of Childhood Is Causing an Epidemic of Mental Illness, de **Jonathan Haidt**.



Estimados lectores:

Adentrámonos neste ano 2025 coa intención, coma sempre, de ofrecer ideas e divulgar novos proxectos que poidan mellorar a nosa sociedade, especialmente no ámbito local. E de aí a importancia do contido deste novo número da nosa revista.

A primeira idea analiza a influencia da transparencia na recadación fiscal en concellos españois de máis de 15.000 habitantes, e o resultado é que existe unha relación positiva entre impostos e transparencia, en particular naqueles relacionados co sector inmobiliario.

O segundo artigo presenta un marco conceptual para entender como as cidades poden promover un benestar sustentable e equitativo e, a un tempo, afrontar as crises sociais e ecolóxicas. O benestar urbano sustentable é un proceso dinámico que debe adaptarse constantemente ás diferentes necesidades e realidades locais, as cales están influenciadas e tamén inflúen no contexto global.

Outro tema clave nos nosos días é o emprego na mocidade. Así, na terceira idea, cun estudo realizado en Suecia e Noruega, analízase o impacto das políticas laborais destinadas á mocidade adulta con capacidade laboral reducida. Os resultados demostran unha maior efectividade das políticas públicas canto máis enfocadas están en se axustar ás necesidades do mercado laboral.

Finalmente, propomos un estudo sobre os efectos a longo prazo da construción de plantas industriais, en concreto o caso das fábricas construídas nos EUA para lles facer fronte ás necesidades militares durante a Segunda Guerra Mundial, que se situaron fóra dos principais centros de actividade económica por razóns estratéxicas. Obsérvanse efectos significativos e persistentes no emprego manufactureiro e os salarios nos cidadáns que habitaban zonas próximas.

Como libro destacado, unha obra fundamental: *The Anxious Generation*. O psicólogo Jonathan Haidt espón un desafortunado exemplo dos danos sociais da tecnoloxía: como o uso xeneralizado dos *smartphones* e das redes sociais, xunto cunha crianza sobreprotectora, reconfiguraron a infancia e conduciron a un aumento significativo dos problemas de saúde mental da mocidade. O autor explora as potenciais causas e suxire intervencións para mitigar os danos.

Confiamos en que este contido sexa do seu interese.

Cos nosos mellores desexos,

O editor

TRANSPARENCIA E FISCALIDADE MUNICIPAL

- **Publicación:** «The Influence of Transparency on Municipal Taxation: An Empirical Analysis», en *Administration & Society*, 56(5), 2024, páxs. 653-682.
Dispoñible en: <https://journals.sagepub.com/doi/10.1177/00953997241239024>
- **Autores:** **Javier Cifuentes-Faura**, investigador contratado posdoutoral na Universidad de Murcia; **Bernardino Benito López**, catedrático na Universidad de Murcia, e **María Dolores Guillamón López**, profesora titular nesa mesma universidade.
- **Síntese:** **Carlos Victoria Lanzón**, consultor de Políticas Públicas e profesor asociado na Universidad Complutense de Madrid.

SÍNTESE DA IDEA

Este artigo analiza a influencia da transparencia na recadación fiscal en concellos españois de máis de 15.000 habitantes. Os autores atopan unha relación positiva entre ingresos municipais e transparencia: os concellos máis transparentes recadan máis impostos; en particular, naqueles relacionados co sector inmobiliario (IBI e IIVTNU).

A presión fiscal e o uso responsable e transparente dos recursos públicos é, a día de hoxe, unha das máis graves preocupacións da cidadanía. O interese en como se empregan os ingresos recadados e a eficiencia no gasto, evitando en último extremo prácticas reprobables ou fraudulentas, aumentou tras a crise financeira do 2008 e a pandemia da COVID-19.

Neste contexto, a transparencia e a rendición de contas eríxense como principios básicos do bo goberno, posto que de primeiras reducen este tipo de prácticas. Ademais, desde un punto de vista proactivo, a transparencia na xestión do gasto público *a priori* mellora a perspectiva do cidadán sobre a provisión dos servizos públicos e incluso favorece a recadación: se se percibe un bo uso dos recursos públicos, son aceptables certos aumentos da presión fiscal. Así, cando as necesidades de recadación son importantes (por motivos de consolidación fiscal ou de provisión de maiores ou mellores servizos públicos), esta cuestión non é en absoluto trivial.

Nos municipios, estes temas adoitan ser problemáticos. Por unha banda está a falta de transparencia e a corrupción; pola outra, a necesidade de levar a cabo unha política fiscal responsable. Ademais, os concellos son relativamente homoxéneos desde un punto de vista institucional (están suxeitos ao mesmo marco legal, se ben existen algunhas diferenzas entre eles), polo que facer comparacións e análises entre eles é máis sinxelo e informativo ca entre países.

Con estes principios base, os autores analizan a influencia da transparencia na recadación fiscal en concellos españois de máis de 15.000 habitantes. Para iso, revisan as distintas teorías que relacionan ambos os conceptos. Por unha banda, a teoría da axencia, que postula que, sendo as persoas do sector público «axentes» da cidadanía (é dicir, actores que actúan por mandato dos «principais»), un aumento da transparencia pode mellorar o coñecemento que os segundos teñen dos primeiros, reducir as asimetrías de información e garantir que os uns actúan en beneficio dos outros. Por outra, a teoría da lexitimidade, enfocada na mellora da confianza e do apoio ás institucións que proporciona a transparencia, e, en terceiro lugar, a teoría dos *stakeholders*, que implicaría que os gobernos recoñecen que as súas decisións e as súas políticas teñen impacto sobre un grupo amplo de partes interesadas.

A continuación, revisan os determinantes da fiscalidade. A transparencia é o principal factor de estudo, baseándose nas implicacións das distintas teorías analizadas: así, a través dunha menor asimetría de información, os votantes poderían ser máis tolerantes a aumentos impositivos se consideran que estes estarán ben empregados, e, así mesmo, unha maior lexitimidade tería un efecto similar. Neste sentido, remarcamos os autores especialmente os impostos relacionados coa propiedade e o seu valor, especialmente no sector inmobiliario: o imposto sobre bens inmobles (IBI) e aquel sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU, máis coñecido como «plusvalía»), pola súa importancia nas contas municipais, pola súa relación cun activo (a vivenda) tan fundamental para as familias, polas implicacións que ten a transparencia para o seu cálculo e por tratarse dun sector no que a corrupción foi historicamente notoria.

Hai outros factores relevantes que tamén son atendidos polos autores: de tipo fiscal (o nivel de débeda e de déficit, ou as transferencias desde outras administracións); socioeconómico (coma o nivel de renda da cidadanía, a poboación ou a densidade de poboación), e político (a ideoloxía do goberno, a existencia de maiorías ou o xénero do alcalde/alcaldesa). Todos eles poden influír na fiscalidade e confundir o efecto da transparencia, e por tanto, os autores, desde un punto de vista metodolóxico, teñen en conta a posible relación bidireccional entre transparencia e recadación, que pode ir desde unha maior transparencia a unha maior recadación (como se investiga no artigo), mais tamén á inversa (dunha maior recadación a unha maior transparencia).

Finalmente, a análise céntrase nos distintos impostos que son competencia dos concellos (IBI, IAE, IVTM, ICIO e IIVTNU), considerando tamén que estes poden recadar taxas e outras figuras. Como variable independente, utilizan un índice de transparencia que inclúe información dunha gran variedade de aspectos: orzamentos, contratos, planificación urbana ou participación cidadá, entre outros.

Os resultados confirman a hipótese dos autores: existe unha relación positiva entre ingresos municipais e transparencia. Así, os concellos máis transparentes recadan máis impostos; en particular, naqueles relacionados co sector inmobiliario (o IBI e o IIVTNU). A modo de recomendación, inciden na importancia de aumentar a transparencia, co obxectivo de mellorar a confianza da cidadanía nos gobernos e mellorar as finanzas públicas. En particular, recomendan para iso o uso da tecnoloxía, así como mellorar o acceso á información, por exemplo, a través da participación.

CLAVES PARA ENTENDER E ABORDAR AS DINÁMICAS SOCIAIS E ECOLÓXICAS NA CIDADE

- **Publicación:** «Towards a Systemic Understanding of Sustainable Wellbeing for All in Cities: A Conceptual Framework», en *Cities*, N.º 133, 104143, 2023.
Disponible en: <https://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S0264275122005820>
- **Autores:** **Lucinda Cash-Gibson** é profesora na UPF Barcelona School of Management e investigadora no Johns Hopkins University/Pompeu Fabra University Public Policy Center; **Ferran Muntané Isart** é *research manager* no Johns Hopkins University/Pompeu Fabra University Public Policy Center; **Eliana Martínez-Herrera**, investigadora e profesora no Grupo de Investigación en Desigualdades en la Salud, Ecología y Condiciones de Empleo y Trabajo (GREDS-EMCONET) na Universitat Pompeu Fabra); **Julián Martínez Herrera** é investigador predoutoral na Universidad Pompeu Fabra, e **Joan Benach** é director do mencionado GREDS-EMCONET e profesor en na Universitat Pompeu Fabra.
- **Síntese:** **Mireia Alvarez Soler**, graduada en Economía e máster en Políticas Públicas e Sociais na Universitat Pompeu Fabra. É investigadora *junior* en KSNET.

SÍNTESE DA IDEA

Este artigo presenta un marco conceptual para entender como as cidades poden promover un benestar sustentable e equitativo afrontando a un tempo as crises sociais e ecolóxicas. A idea central é que as cidades deben funcionar respectando dous límites básicos: o ecolóxico (non superar os límites do planeta, como o uso excesivo de recursos ou a contaminación) e o social (garantir que todas as persoas teñan cubertas as súas necesidades básicas e vivan en condicións dignas). A conclusión é que o benestar urbano sustentable é un proceso dinámico que debe adaptarse constantemente ás diferentes necesidades e realidades locais, as cales están influenciadas e tamén inflúen no contexto global.

Este artigo presenta un marco conceptual innovador para comprender o benestar sustentable nas cidades desde unha perspectiva sistémica. O traballo parte dunha premisa clara: as cidades teñen un papel clave na prevención e resolución das crises socioecolóxicas pero, como logralo de xeito xusto e sustentable? Que procesos, dinámicas e factores inflúen? Que políticas se aplicaron até agora e con que éxito? Como as competencias normativas lle afectan á capacidade de resposta das cidades ante as necesidades sociais e ambientais insatisfeitas? E, finalmente, como podemos avaliar e comparar de xeito efectivo os avances logrados en diferentes contextos urbanos?

Para abordar estas cuestións os autores realizan unha revisión crítica da literatura desde variadas disciplinas, coma o benestar planetario e sustentable, a análise e avaliación de políticas públicas, a saúde urbana, a planificación e os determinantes sociais da saúde e as desigualdades. Así, empezan argumentando que as cidades son ecosistemas complexos e dinámicos, onde as relacións sociais, políticas e ecolóxicas están interconectadas. Deste xeito, para que as cidades sexan máis sustentables, deben satisfacer as necesidades sociais e humanas, asegurar a xustiza ambiental, social e interxeracional, e sempre sendo conscientes dos límites do planeta.

É útil aclarar algúns conceptos clave para que o lector comprenda mellor o marco:

- **A xustiza ambiental** refírese á distribución equitativa dos beneficios e riscos ambientais, asegurándose de que ningunha comunidade (especialmente as máis vulnerables) soporte unha carga desproporcionada de contaminación ou degradación ecolóxica. Tamén implica que todo

o mundo teña a oportunidade de participar nas decisións sobre políticas ambientais que lles afectan á súas vidas e territorios.

- A **xustiza social** busca garantir que todos os cidadáns teñen as mesmas oportunidades e dereitos, independentemente da súa orixe ou condición social. Tanto os beneficios coma as cargas sociais e económicas deben estar distribuídos de maneira equitativa.
- A **xustiza interxeracional** implica a responsabilidade de protexer os recursos naturais e as condicións de vida para as xeracións futuras. Isto significa que as decisións políticas e económicas deben garantir que os futuros habitantes dispoñan dun ámbito saudable e oportunidades de desenvolvemento sustentable.
- A **sustentabilidade** refírese ao uso responsable dos recursos naturais para garantir un equilibrio entre o crecemento económico, o benestar social e a protección do medio ambiente. Isto implica corrixir as desigualdades existentes, de xeito que todas as persoas teñan un acceso xusto a recursos e oportunidades.
- As **crises socioecolóxicas** xorden da combinación de problemas sociais (coma a desigualdade e a pobreza) e problemas ambientais (o cambio climático e a degradación ecolóxica). A interacción entre estes factores agrava as tensións, afectándolles á estabilidade das cidades e ao benestar dos seus habitantes.




Figura 1. Marco conceptual dos determinantes do benestar sustentable urbano e a saúde.

Así pois, o marco conceptual empeza con dous límites ou capas. A primeira é o límite ecolóxico (*ecological ceiling*), que implica que as cidades deben operar dentro dos límites do planeta, sen comprometer a biodiversidade e protexendo os recursos naturais. A segunda é o fundamento social (*social foundation*), que garante as necesidades básicas e constrúe ámbitos urbanos resilientes, autosuficientes, inclusivos e equitativos. Isto supón atender o contexto socioeconómico, político e cultural, así como aprehender que as relacións de poder como o colonialismo, capitalismo e patriarcado poden afectarlle a este fundamento social (e a satisfacción destas necesidades) para certos grupos poboacionais. En conclusión, estas dúas capas externas describen como as actividades

dentro das cidades non ocorren de xeito illado, senón que están influenciadas e, á súa vez, inflúen no contexto global.

Tendo en conta todo isto, os autores artellan que hai uns determinantes estruturais que operan a través dunha serie de determinantes intermedios que inflúen e moldean as oportunidades das cidades para crear ámbitos saudables e equitativos onde vivir e traballar. Este concepto baséase nos determinantes sociais da saúde, que sustenta que as poboacións en situación de vulnerabilidade adoitan dispor de opcións limitadas de ámbitos saudables, o que reforza as desigualdades en saúde e benestar.

Os determinantes estruturais fan referencia a como as competencias e os recursos dos gobernos locais condicionan o alcance das intervencións políticas no nivel local e, polo tanto, como de efectivas son estas en canto ás necesidades sociais. A esta condición súmanselle as relacións de poder, as ideoloxías e as prioridades políticas, xunto coa interacción coa sociedade civil. A partir de aquí a xestión de recursos entre os diferentes ámbitos de políticas públicas configura as posibilidades das cidades para conseguir un benestar social urbano sustentable. Hai que ter en conta que, se non se atenden os diferentes eixes de desigualdade, se non se mantén a perspectiva de xustiza social, as políticas públicas verán limitado o seu alcance en canto ao devandito benestar. Polo tanto, cómpre abordar eses eixes de desigualdade para que as políticas públicas sexan xustas social e ambientalmente, de xeito que poidan influír nas condicións materiais (ou ecolóxicas) e sociais da cidadanía. Estes dous determinantes —os factores ecolóxicos e sociais— son os denominados «satisfactores» das necesidades humanas, pois aféctanlle directamente ao benestar social urbano.

Dito isto, os autores remarcan a importancia de utilizar a teoría do cambio como ferramenta para deseñar e avaliar políticas públicas, pois só así se entenderá como as accións específicas xerarán os resultados desexados nos niveis social e ambiental. A teoría do cambio permite identificar as relacións causa-efecto, establecer obxectivos claros e medir o impacto real das medidas implementadas. Ademais, resaltan a importancia da participación democrática e da colaboración entre diferentes niveis de goberno e a sociedade civil, pois así se afrontarán os desafíos socioecolóxicos de xeito efectivo.

Finalmente, o artigo conclúe que traballar cara a un ámbito urbano saudable, equitativo e sustentable é un proceso continuo e específico en cada contexto, máis ca un estado final fixo. En conclusión, este marco conceptual non só facilita a comprensión das dinámicas sociais e ecolóxicas nas cidades, senón que tamén ofrece ferramentas para deseñar e avaliar políticas urbanas que promovan o benestar sustentable para todas as xeracións.

O IMPACTO DAS POLÍTICAS PARA A MOCIDADE CON CAPACIDADE LABORAL REDUCIDA

- **Publicación:** «Policies for Young Adults with Reduced Work Capacity. Labour Market Impact in Sweden and Norway», en *J Popul Econ* 37, 13, 2024.
Dispoñible en: <https://doi.org/10.1007/s00148-024-00999-9>
- **Autores:** **Caroline Hall** é profesora no Instituto para a Avaliación do Mercado de Traballo e a Política Educativa (IFAU) e investigadora no Centro de Estudos Laborais de Uppsala (Suecia); **Inés Hardoy**, profesora no Instituto para a Investigación Social de Oslo (Noruega), e **Kristine von Simson**, investigadora no Centro de Investigación en Benestar e Traballo, tamén en Oslo.
- **Síntese:** **Anna Chesa Llorens**, estudante de doutoramento na Universitat de Barcelona e investigadora afiliada ao Institut d'Economia de Barcelona (IEB).

SÍNTESE DA IDEA

Este artigo analiza o impacto das políticas laborais destinadas á mocidade adulta con capacidade laboral reducida en Suecia e Noruega. Grazas aos datos lonxitudinais, ao longo de catro anos, séguese os individuos cando estes quedan sen traballo, coa idea de avaliar a efectividade dos distintos programas de promoción de emprego. Os resultados amosan unha maior efectividade das políticas canto máis enfocadas están en se axustar ás necesidades do mercado laboral, coma a provisión de experiencia laboral ou a adquisición de certificados específicos.

Nas últimas décadas, os países da OCDE experimentaron un aumento no número de mozos con capacidade laboral reducida, o que dificulta a súa inserción no mercado de traballo. Esta redución da capacidade laboral pode deberse tanto a problemas físicos (por exemplo, mobilidade reducida) coma psicolóxicos (ansiedade ou estrés). En Europa, cerca do 20% dos mozos de entre vinte e cinco e vinte e nove anos pertencen ao grupo dos denominados «nin-nin» (nin estudan nin traballan nin reciben formación). Estudos previos demostraron que existe unha correlación clara entre a mala saúde e ese status, o que reforza a necesidade de novas políticas activas de emprego.

Os gobernos de diferentes países implementaron diversas políticas para mitigar os efectos da incapacidade laboral na inserción dos mozos no mercado de traballo. Non obstante, a eficacia das devanditas políticas segue a ser obxecto de debate. Así, este estudo céntrase nos casos de Suecia e Noruega, dous países que seguen o chamado «modelo escandinavo», caracterizado por unha forte tradición na implementación de programas de emprego e formación.

Para estimar os efectos destes programas, os autores baseáronse na metodoloxía de modelo de eventos (*timing-of-events*) proposta polos econometristas Abbring e Van de Berg (2003), coa que estiman os efectos causais da participación en programas de promoción da empregabilidade e a educación. Este modelo permite controlar a heteroxeneidade non observada, de xeito que se evitan nesgos de selección, xa que as persoas que optan aos devanditos programas poderían ter características diferentes a aqueles que non. Deste xeito, a identificación dos efectos causais é máis robusta.

Os datos utilizados proveñen de rexistros administrativos de Suecia e Noruega no período 2002-2009, e trabállase no segmento de xoves adultos entre vinte e cinco e vinte e nove anos (é dicir, persoas nadas entre 1973 e 1984). A idade é un factor especialmente importante, porque se con-

sidera que xa houbo marxe para acabar os estudos ademais de poder obter certa experiencia laboral. Con isto analízanse dous tipos de programas:

- Programas baseados no lugar de traballo, como prácticas laborais ou subsidios salariais, entre outros.
- Cursos de formación, nos que se inclúen a formación profesional e educativa.

Como resultados principais vemos que ambos os tipos de programa xeran un efecto de bloqueo (*lock-in-effect*) durante a participación, o que reduce a probabilidade de atopar emprego mentres o beneficiario está inscrito. Isto non supón unha sorpresa, xa que o tempo dedicado á busca de traballo pode verse reducido como consecuencia do maior investimento de tempo no programa.

En canto á eficacia destes programas, obsérvase que aumentan a probabilidade de conseguir un emprego ou acceder a novos estudos. Non obstante, aqueles baseados no lugar de traballo (é dicir, os destinados directamente a obter habilidades relacionadas co posto de traballo) teñen un efecto superior. En canto aos cursos, a formación profesional parece ser máis efectiva, e o éxito dos programas depende da obtención de certificados que acrediten as competencias adquiridas. Ademais, malia as diferenzas no deseño e implementación dos programas en ambos os países (Suecia opta máis polas políticas prácticas, mentres que Noruega aposta polas educativas ou de formación), non se atopan diferenzas significativas entre eles.

O estudo tamén realiza unha análise de heteroxeneidade, para avaliar como os efectos dos programas varían segundo as características individuais. Por exemplo, os mozos con menor educación (que non finalizaron os estudos de secundaria) beneficianse máis dos programas baseados no lugar de traballo. Ou, por outra banda, os varóns noruegueses obteñen maiores beneficios se participan en programas que se executan no mesmo lugar de traballo en comparación coas mulleres, mentres que en Suecia non se observa unha diferenza de sexo tan marcada. Estas diferenzas suxiren que as políticas de empregabilidade deben deseñarse tendo en conta as necesidades específicas de cada un dos distintos subgrupos de mozos.

En conclusión, os resultados indican que os efectos dos programas sobre a empregabilidade de mozos adultos con capacidade laboral reducida son positivos e, ademais, similares para os casos de Suecia e Noruega. Destácase tamén a importancia de proporcionar experiencia laboral directa a través de programas no lugar de traballo, xa que teñen un maior impacto positivo na transición ao emprego ou á educación.

A partir destes resultados evidénciase que relevante é o deseño de políticas públicas orientadas a mellorar a inserción laboral de mozos adultos en situacións vulnerables, subliñándose a necesidade de programas prácticos e orientados ao emprego. Dado o crecente número de mozos adultos nesta situación, queda clara a necesidade de programas flexibles e adaptados ás súas circunstancias, que combinen formación con experiencia laboral real. De cara ao futuro, os responsables de políticas públicas deben considerar estratexias que optimicen a combinación destes programas para así maximizar os seus beneficios.

O IMPACTO A LONGO PRAZO DA POLÍTICA INDUSTRIAL SOBRE O DESENVOLVEMENTO LOCAL E A MOBILIDADE ECONÓMICA

- **Publicación:** «The Long-Run Impacts of Public Industrial Investment on Local Development and Economic Mobility: Evidence from World War II», *NBER*, documento de traballo 32265, marzo do 2024. Descargable na seguinte ligazón: <https://www.nber.org/papers/w32265>
- **Andrew Garin**, doutor por Harvard, é profesor no Departamento de Economía da Carnegie Mellon University, en Pittsburgh; e **Jonathan L. Rothbaum**, doutor pola George Washington University, é investigador da División de Estatísticas Sociais, Económicas e de Vivenda na Oficina do Censo dos EUA, en Washington DC.

SÍNTESE DA IDEA

Este traballo estuda os efectos a longo prazo da construción de plantas industriais, en concreto o caso das fábricas construídas nos EUA para lles facer fronte ás necesidades militares durante a Segunda Guerra Mundial, que se situaron fóra dos principais centros de actividade económica por razóns estratéxicas. Obsérvanse efectos significativos e persistentes sobre o emprego manufactureiro e os salarios, así como melloras salariais para os cidadáns que habitaban en zonas próximas a onde se construíron as plantas.

No debate actual sobre os efectos da globalización económica é de grande importancia valorar o seu impacto laboral. De xeito simplificado, unha das críticas máis directas é que a globalización favoreceu a deslocalización de actividades económicas desde os países máis industrializados a aqueles en vías de desenvolvemento. Aínda que este fenómeno ten múltiples causas (desde o aumento relativo da demanda de servizos a medida que aumentan os niveis de renda até as melloras na loxística derivadas da «contedorización» do transporte), hai un consenso bastante xeneralizado en admitir que a perda de peso do emprego nos sectores manufactureiros ten consecuencias negativas.

En xeral, a produtividade do traballo na industria é superior á do resto da economía (con claras excepcións, no caso de servizos especializados ou os relacionados co sistema financeiro). Por iso, os salarios dos traballadores empregados en actividades manufactureiras situáronse tradicionalmente por riba da media. Ademais, durante a maior parte do século xx, estas actividades demandaron un número elevado de traballadores sen requirir niveis de cualificación particularmente elevados. O sector industrial no seu conxunto foi unha fonte de moitos e bos empregos, e sen el non pode entenderse o proceso de expansión das clases medias en paralelo ao desenvolvemento económico.

Por iso, cando este proceso se interrompe e os países industrializados entran nunha fase de desindustrialización, a listaxe de problemas aos que hai que enfrontarse é bastante ampla. O máis evidente é que as novas xeracións de traballadores con escaso nivel de formación non teñen acceso a aqueles empregos relativamente ben pagos porque, simplemente, xa non existen. Ademais, estes inconvenientes concéntranse xeograficamente naquelas rexións tradicionalmente máis industrializadas e agora máis expostas á competencia exterior. Nos EUA puido existir unha relación directa no nivel territorial entre a exposición da produción local á competencia

chinesa e o voto outorgado á candidatura de Donald Trump nas eleccións presidenciais do 2016; ou, de xeito similar, no Reino Unido, cunha maior inclinación a votar polo Brexit e abandonar a Unión Europea.

Fronte a isto, unha das estratexias de intervención pública que conta cun crecente nivel de apoio é a aplicación de políticas industriais. A confianza neste tipo de medidas é moi elevada, a pesar de —ou quizais debido a— que non se logrou definir en que consisten de forma precisa, pois engloban practicamente calquera acción pública que intente fomentar o desenvolvemento económico dunha rexión ou sector, podendo incluír medidas proteccionistas baseadas en aranceis, axudas directas a determinados sectores ou accións de capacitación que sexan demandadas polas empresas, entre moitas outras.

Para lles facer fronte aos problemas de desindustrialización identificados máis arriba, a énfase ponse en políticas industriais que sexan quen de crear emprego de calidade (*good jobs*), e ademais en determinadas localizacións (*placed base*). Así, o reto é dobre. Non se trata unicamente de xerar actividade económica, pois esta pode crear empregos temporais, con baixas remuneracións e estar supeditados a negociacións que os precaricen, senón que o obxectivo é lograr empregos estables, ben pagos, que permitan niveis de vida dignos e xeren efectos de arrastre sobre o resto da economía (polo gasto). Adicionalmente, estas políticas tamén teñen o obxectivo de diversificar xeograficamente a actividade económica, xa que, debido á existencia de economías de aglomeración, esta tende a concentrarse en determinados territorios. Neste contexto as políticas industriais *place based* intentan lograr que, en lugares onde hai escasa ou pouca actividade, nun contexto de desindustrialización, se xeren empregos de calidade (o cal require que a súa produtividade laboral sexa elevada).

Como pode imaxinarse, esta cuestión non ten unha solución sinxela. En termos de implementación, unha das dificultades é saber que tipo de medidas poden ser efectivas e en que grao dependen do contexto no que se aplicasen. A dificultade non é contar cun número suficiente de accións de políticas industriais, posto que se levaron a cabo desde hai décadas en contextos moi diversos e resulta posible observar cales tiveron éxito e cales non. O problema é metodolóxico: os exemplos de políticas industriais de ámbito local encamiñadas á creación de emprego non adoitan cumprir coas condicións para poder identificar un efecto causal, dado que non adoitan aplicarse de maneira aleatoria. É dicir, o habitual é que se apliquen alí onde máis problemática sexa a ausencia de emprego. Por iso, os resultados estarán condicionados polas circunstancias de partida sen que resulte posible identificar en que medida os efectos finais se deben á política en si mesma ou ás circunstancias orixinais. Para solucionar este problema os economistas intentan traballar cos chamados «experimentos naturais»: situacións nas que unha política se aplicou de xeito dabondo aleatorio (é dicir, independente das realidades locais) coma para que se poida identificar o seu efecto único e así establecer unha relación de causalidade.

O traballo de Garin e Rothbaum é un exercicio de medición dos devanditos efectos, no que se utiliza o caso da construción de novas fábricas manufactureiras nos EUA cuxa localización pode considerarse practicamente aleatoria. Entre o 1940 e 1944, o exército estadounidense coordinou un plan para aumentar a produción de material militar a grande escala, debido ás necesidades derivadas da Segunda Guerra Mundial. Para conseguilo foi imprescindible construír numerosas plantas industriais novas, e contouse para iso coa participación de empresas privadas. Estas estaban interesadas en ampliar a capacidade dos seus centros de produción en zonas industriais xa existentes. Non obstante, tanto por razóns de estratexia militar (evitar construír en zonas costeiras susceptibles de seren obxecto de posibles ataques) coma de eficiencia (superar problemas de congestión e loxística no acceso aos factores de produción), o exército tomou a decisión de espallar unha gran parte das novas plantas por todo o país. A meirande parte das plantas construídas con-

tinuaron operando nas décadas posteriores á guerra, xa fose mediante a súa transferencia ao sector privado (a un prezo inferior ao custo, debido a que estaban sobredimensionadas) ou como provedores públicos de material militar durante a Guerra Fría.

A decisión de localizar novas plantas con criterios de estratexia militar e non económica ou política é a base na que se apoian Garin e Rothbaum para considerar que a súa situación non estivo condicionada polas características particulares de cada condado, de xeito que poden considerarse independentes destas e non condicionan os efectos observados. Para contrastar a validez deste suposto amósase que todas as características relevantes dos condados que forman o «grupo de tratamento» son estatisticamente idénticas ás do grupo de condados que non recibiron plantas industriais (o «grupo de control») nos anos anteriores á guerra.




Figura 1. Localización do grupo de tratamento e comparación de condados nos EUA.

Os autores empregan esta estratexia empírica para obter evidencia sobre tres tipos de efectos relacionados coa mellora das oportunidades económicas para quen vivían nos lugares onde se localizaron as novas fábricas. A información estatística provén dunha combinación de datos administrativos de diferentes décadas, que logran converter nunha base de datos lonxitudinal. Para todo iso é especialmente relevante a súa explotación da información do censo do 1940 sobre as características socioeconómicas dos proxenitores, pois describe con moita precisión a situación previa á construción das plantas.

O primeiro resultado que obteñen é que as novas fábricas tiveron un impacto notable sobre o mercado de traballo dos condados onde se situaron. Tanto a poboación coma o emprego no sector manufactureiro, así como os salarios medios, aumentaron no grupo de tratamento comparado co grupo de control. Durante os primeiros anos despois da guerra a diferenza débese principalmente ao papel das novas fábricas pero, posteriormente, a maior parte do emprego creouse noutras empresas. A finais do século xx estes condados seguen a estar máis poboados ca o resto, mais as diferenzas de estrutura do emprego ou salarios minoraron.




Figura 2. Poboación, emprego e ingresos medios onde se situaron as novas plantas.

O segundo grupo de resultados refírese ás diferenzas nos ingresos durante toda a vida dos traballadores que se criaron onde se localizaron as plantas. Os autores identifican que a desigualdade é maior canto menores foron os ingresos familiares antes da guerra.

Finalmente, un terceiro conxunto de resultados suxire que os nenos nados nos condados onde se construíron as plantas beneficiáronse dunha maior dispoñibilidade de empregos con altos salarios durante a súa vida adulta, sen que se observen efectos significativos en termos de formación ou calidade educativa.

No seu conxunto, trátase dun traballo moi interesante porque é quen de utilizar un acontecemento histórico que cumpre coas condicións para ser considerado aleatorio e, deste xeito, identificar unha relación de causalidade robusta. Ademais, o traballo demostra os beneficios de acceder a datos administrativos detallados de distintos períodos e poder combinalos de xeito individualizado.

Os resultados revelan os claros efectos positivos do que podemos cualificar como política industrial, se ben cando se deseñou non tiña o obxectivo de fomentar o desenvolvemento económico local nin mellorar as condicións de vida dos cidadáns. Non obstante, os autores preveñen sobre as dificultades de extrapolar estes resultados a outros contextos mediante a conclusión precipitada de que, na actualidade, unha política deste tipo podería recuperar os empregos industriais se se levasen a cabo actuacións similares ás aquí analizadas. Como exemplo dos erros que se poderían cometer, baste indicar que o período de análise do traballo correspóndese a unha época de auge da industrialización nos EUA, cun aumento case continuado da demanda de produtos manufacturados e a práctica ausencia de competencia internacional. Na actualidade as circunstancias son moi diferentes. Levar a cabo un investimento público de gran magnitude en actividades industriais de calquera tipo sen ter en conta a demanda dos produtos non se podería xustificar simplemente coa evidencia amosada neste traballo.

UNHA XERACIÓN ANSIOSA CRIADA POR TELÉFONOS INTELIXENTES, REDES SOCIAIS E «FAMILIAS HELICÓPTERO»

Jonathan Haidt, *The Anxious Generation: How the Great Rewiring of Childhood Is Causing an Epidemic of Mental Illness*, Penguin Press, 2024, 400 páxs. (Edición española: *La generación ansiosa. Por qué las redes sociales están causando una epidemia de enfermedades mentales entre nuestros jóvenes*, Deusto, 2024, 384 páxs).

Por Arturo Lahera Sánchez

The Anxious Generation formula unha análise sobre o que Jonathan Haidt define como unha «crise de saúde mental» que lle afecta á xeración Z; é dicir, ás persoas nadas aproximadamente entre o 1997 e 2012 (tamén denominadas nos medios como *centennials*). Céntrase especialmente no impacto das redes sociais dixitais e no seu acceso ininterrompido ou omnipresente desde todo tipo de equipos móbiles (teléfonos intelixentes, *tablets*, ordenadores... sempre nos petos, personalizables). O autor considera que, ao facilitarlle á infancia, en idades cada vez máis temperás (antes dos catorce anos), teléfonos intelixentes, esta quedou exposta a unha tecnoloxía potencialmente daniña, sen comprender plenamente as súas posibles consecuencias negativas (coma se enviasen humanos a colonizar Marte antes de coñecer os potenciais perigos que iso implicaría). Esta exposición temperá sustentouse na rápida integración da tecnoloxía dixital na vida dos máis cativos, con efectos diferenciados por xénero, que transformou fundamentalmente as súas experiencias de desenvolvemento e tivo efectos negativos xeneralizados na súa saúde mental. Este argumento central desenvólvese ao longo desta monografía, que tivo un amplo impacto nos debates mediáticos, especialmente nos Estados Unidos de América, onde se converteu nun *best-seller*.

O seu punto de partida é o que autor considera un «espectacular» aumento de morbilidad por doenzas de saúde mental entre os adolescentes desde o 2010; é dicir, a partir do inicio da difusión masiva dos teléfonos intelixentes con acceso permanente á internet, que chegaron ao mercado ao redor do 2007, data de presentación do primeiro modelo de iPhone de Apple. Presenta estatísticas e indicadores —taxas de hospitalización e urxencias, trastornos mentais diagnosticados, condutas autolíticas...— para enfatizar a gravidade desta crise. Destaca tamén o impacto desproporcionado nas nenas (coa súa vinculación ás esixencias de lograr e exhibir corpos normativos) e o alcance mundial desta tendencia, que establece unha correlación entre o aumento do uso de teléfonos intelixentes e a deterioración da saúde mental da infancia e, especialmente, da mocidade e a adolescencia. Este fenómeno mundial é o que permite identificar estes *centennials* como unha «xeración con ansiedade» (ou «xeración ansiosa»): rexístranse cifras crecentes de mozos e nenos con ansiedade, depresión e prácticas suicidas, vinculadas, de xeito estatisticamente significativo segundo o autor, á adopción xeneralizada dos teléfonos intelixentes que permiten o acceso permanente ás redes sociais dixitais. Estas tecnoloxías alteraron de xeito esencial o panorama social da mocidade, e provocaron un maior illamento, ciberacoso e unha obsesión pola comparación social, con base na ostentación de niveis diferenciais de consumo e de imaxes corporais (esixentes e irrealis). O autor, profesor de Psicología Social, revisa criticamente estas vinculacións para explorar explicativamente as súas causas e posibles solucións, co

obxectivo «urxente» de controlar os factores que contribúen a esa epidemia na mocidade actual, que deriva na súa «infelicidade».

O gran recableado e a «crianza helicóptero»

Haidt introduce o concepto do «gran recableado» (*Great Rewiring*) para referirse ao período entre o 2010 e 2015, cando os teléfonos intelixentes comezan a ser omnipresentes entre mozos e mozas adolescentes. A incorporación nas súas vidas cotiás das redes sociais a través dese modelo avanzado de teléfonos («intelixentes» fronte aos teléfonos «parvos», sen acceso á internet ou a redes sociais dixitais) transformou (disruptivamente) as experiencias individuais e grupais da infancia e o desenvolvemento do seu cerebro. A conectividade constante e a intensa estimulación dixital «reconfiguraron» (*rewiring*) as súas interaccións sociais, os seus períodos de atención e os seus procesos cognitivos (o seu «cableado» cerebral). Todo isto contribúe potencialmente a esta crise de saúde mental.

A adquisición acrítica de teléfonos intelixentes para os seus fillos por parte das familias, xunto co acceso a redes sociais dixitais, sustentouse nunha nova «crianza helicóptero» (*helicopter parenting*), na que os pais e nais están privando de independencia e capacidade de adaptación (resiliencia) os seus fillos por temor ao mundo exterior á familia e ao seu fogar.

Unha das principais consecuencias desta sobreprotección é o declive do xogo libre e sen supervisión na infancia («baseada no xogo»), en espazos abertos e colectivos, con interaccións grupais, non estruturadas, que permitían desenvolver a resiliencia ante incidencias imprevistas (caídas, descubertas, conflitos, vagabundaxe para exploración...), así como a capacidade de resolver problemas e de responsabilizarse dos resultados (positivos ou negativos). É dicir, crecer en «modo descuberta», cun tempo pasado en interaccións libres e colectivas que se foi reducindo nas últimas catro décadas (sempre tendo en conta o contexto estadounidense e da «angloesfera» desde o que escribe o autor e ao que se refire conscientemente). Este xogo libre contribúe á aprendizaxe de habilidades sociais, ao desenvolvemento de capacidades para resolver problemas e á regulación emocional nas interaccións.

Precisamente, unha das razóns desa progresiva desaparición do xogo libre e en exteriores reside nesa «crianza helicóptero», de supervisión continua e constante, na que o lecer da mocidade parece excesivamente programado e vixiado, o que lles provoca máis ansiedade cando deben enfrontarse sós a incidencias e conflitos vitais imprevistos. Este modelo de crianza apostou por un enfoque exclusivamente «seguro» (*safetysm*), no que os proxenitores, e tamén as escolas e outros espazos de socialización, buscan protexer os seus fillos de calquera posible dano ou incomodidade porque consideran a vida externa á familia e os seus espazos comúns moi inseguros. Esta obsesión pola seguridade física e persoal fomenta unha cultura de fuxida dos riscos na vida; así, as persoas afástanse de todo o que poida desencadear perigos (aínda que sexan triviais) ou ser incómodo, en lugar de afrontar e superar as dificultades que se presenten. É dicir, crecen en «modo defensa», fomentando familiarmente un perpetuo estado de «fraxilidade» que dificulta a experimentación social e a descuberta. Todo iso aumenta a ansiedade e os problemas de saúde mental, xa que os mozos están menos preparados para afrontar as complexidades e o estrés da vida adulta.

O autor defende que este enfoque, benintencionado pero equivocado, privaos da oportunidade de enfrontarse a retos por si mesmos e de aprender a afrontar (individualmente e cos seus grupos de pares) a adversidade, o que aumentou a súa vulnerabilidade, o estrés e a ansiedade, o seu medo aos riscos da vida social. Debido á obsesión pola segu-

ridade, as familias foron substituíndo o tempo de vida na realidade social por interaccións exclusivamente dixitais (nesa infancia baseada no teléfono intelixente). Combínanse unha sobreprotección no mundo real e unha insuficiente protección no mundo virtual. Están conectados dixitalmente cun mundo cheo de descoñecidos, pero descoñectados da xente do seu redor.

Esta vida dixital incrementa a influencia das redes sociais dixitais na saúde mental. Plataformas como Instagram e TikTok intensificaron a presión sobre a mocidade para que presenten unha imaxe perfecta. Esta comparación constante entre pares e o resto de usuarios desas redes, xunto co «medo a perder algo» (*Fear of Missing Out-FOMO*), contribúen significativamente á aparición de sentimentos de inadecuación social (non sentirse a gusto consigo mesmo) e de ansiedade (a ausencia de control sobre a realidade social e as súas interaccións, o temor a non poder xestionar a súa imprevisibilidade).

Ademais, Haidt explora tamén o rol da tecnoloxía dixital na alteración dos padróns de sono da mocidade, pois o tempo de descanso redúcese a causa da conexión dixital continuada. Esta falta de sono está relacionada con maiores niveis de ansiedade, depresión e irritabilidade e pode agravar os problemas de saúde mental existentes e dificultar o rendemento académico e social. O atractivo das redes sociais, combinado con ese medo a perder algo, leva habitualmente os adolescentes a sacrificaren o sono para seguiren conectados. Deste xeito, como primeiro dano, o autor defende que os teléfonos intelixentes producen e son responsables do «dano da privación do sono» na mocidade e dos seus efectos negativos.

Todas estas novas experiencias da «xeración ansiosa» demostrarían que os cambios culturais, os estilos de crianza e os avances tecnolóxicos combináronse para crear un precario panorama de saúde mental para esta xeración Z. Defende unha avaliación intensa destas tendencias e avoga por un retorno a prácticas máis equilibradas e analóxicas para recuperar e promover a saúde na crianza e educación da mocidade.

Trataríase de volver a unha infancia de desenvolvemento gradual (xogo libre, desestruturado, aberto...) que permita a adquisición de habilidades e aprendizaxes esenciais, fronte ao novo modelo de infancia acelerada, sobreestimulada pola presión das tecnoloxías dixitais, que non só limita esas aprendizaxes, senón que busca crear adicción na mocidade ás redes sociais dixitais: o aumento do tempo fronte ás pantallas.

Analiza como o exceso de tempo fronte á pantalla dixital interfere en procesos vitais para o desenvolvemento, pois reduce as interaccións cara a cara —cruciais para o desenvolvemento da empatía e as habilidades sociais—, que están a ser substituídas polas comunicacións dixitais. Estes cambios están obstaculizando, segundo o autor, a capacidade da infancia e da mocidade para estableceren relacións profundas e significativas, e para se desenvolveren en situacións sociais complexas. Isto xera sentimentos de soidade e illamento social, porque as interaccións virtuais carecen da profundidade e os beneficios emocionais das relacións en persoa. O uso excesivo desta tecnoloxía tamén conduce a unha forma de «degradación espiritual», que lles afecta tanto a adolescentes coma a adultos: a conectividade dixital constante pode estar erosionando a nosa capacidade para o pensamento profundo, as relacións significativas e para atopar obxectivos ou propósitos vitais. Por todo isto, o segundo dano provocado polos teléfonos intelixentes e as súas redes sociais dixitais é o «illamento social».

Excesos e danos das redes sociais

As redes sociais dixitais están deseñadas para captar e manter a atención permanentemente a través de notificacións, de «gústames», de «compartir», de recibir recoñecemen-

to por mostrar as vidas *online*. Haidt amosa como estas configuracións dixitais (non hai que esquecer, aínda que o autor apenas o enfatiza, que son deseñadas por programadores humanos e empresas que obteñen beneficios extraordinarios por mercantilizar esas prácticas a través da publicidade) explotan o sistema de recompensa do cerebro (a dopamina que excita, pero cada vez con maior insatisfacción... creando un ciclo de dependencia), de xeito similar a como o fan as substancias adictivas: unha mocidade atrapada, de forma dependente, nunha realidade virtual (izada) que provoca o seu illamento das interaccións sociais. Todo isto con base nunha busca incesante de canons de perfección... ou da súa exhibición, mostrando un «personaxe *online*» mediante fotos e vídeos persoais, comentarios, *memes*... Polo tanto, os algoritmos das redes sociais dixitais están programados (humanamente) para maximizar a participación dos usuarios, a súa interminable conexión á rede, a expensas do seu benestar mental. Por agora, danlles prioridade aos contidos que poden provocar reaccións emocionais; para os adultos, por exemplo, a pornografía, violencia en videoxogos, consumismo, xogos de azar... o que pode conducir a un ciclo de emocións negativas coma a ira, o medo e a envexa. O autor defende que esta manipulación das respostas emocionais pode afectarlle significativamente á saúde mental e contribuír a crear unha sociedade con máis ansiedade e desintegrada individualmente (pola competencia polo recoñecemento). O uso compulsivo das redes sociais alimenta a adicción dixital na mocidade, o que provoca un consumo excesivo de tempo e atención. Isto distraeos de actividades importantes e contribúe a aumento dos problemas de saúde mental.

A partir da identificación deste novo dano social, analiza os efectos psicolóxicos negativos do abuso das redes sociais dixitais, que, malia non ter como obxectivo manifesto o conectar os seres humanos, habitualmente provocan sentimentos de soidade, ansiedade e depresión, de frustración por non estar ao nivel de exhibición e esixencia demandados por ese mundo virtual. A (sobre)exposición constante a imaxes idealizadas fomenta as comparacións incesantes e crea unha sensación de inadecuación persoal, de exclusión individual. Todo isto ten consecuencias na formación da identidade: que os usuarios presenten versións idealizadas da súa vida pode provocar sentimentos de inadaptación e baixa autoestima entre a mocidade e, cada vez máis, entre a infancia. A comparación constante cos mellores momentos dos demais pode destorcer o sentido dun mesmo e incrementar a depresión e a ansiedade.

A estes efectos, engádese o ciberacoso, con repercusións profundas e duradeiras na saúde mental da mocidade, especialmente no caso das mulleres, expostas a depredadores sexuais *online*. Analízase como o anonimato da internet e as redes dixitais pode reforzar a quen acosa e como a permanencia das interaccións en liña exacerba todos eses, xa amplos, danos. Limitar goberamentalmente os algoritmos adictivos e protexer a privacidade dos usuarios, especialmente na infancia e mocidade, parece a única posibilidade para controlar os seus efectos negativos.

Sínálase así a responsabilidade das empresas tecnolóxicas, que parecen descoñecer (ou agochan conscientemente, como se demostrou nas audiencias dos directivos de Meta-Facebook, Tik Tok, Snap, Discord, X-Twitter, en xaneiro do 2024, no Comité Xudicial do Senado dos Estados Unidos) as repercusións das súas aplicacións dixitais na saúde mental. A estas compañías deberíanselles esixir prácticas de deseño éticas que lle dean prioridade ao benestar do usuario; por exemplo, o reforzo dos controis paternos e maternos dos seus programas para confirmar a idade real dos usuarios que abren as súas contas e a aceptación de investigacións sobre as consecuencias das súas aplicacións na saúde mental (como ocorreu coa industria tabaqueira ou a ludomanía nos xogos de azar...).

Haidt tamén examina o impacto diferencial das redes sociais dixitais en mozos e mozas. Sinala que as mozas son máis propensas a sufrir os efectos prexudiciais das redes, coma o acoso en liña e os problemas de imaxe corporal, debido ás presións sociais (fortemente sexualizadas) que prevalecen nestas aplicacións (e nas súas empresas tecnolóxicas), que crean expectativas e presións pouco realistas. Esa competencia polo recoñecemento social «operacionalízase» cunha énfase, especialmente por parte do sistema educativo, na obtención, na infancia e mais na adolescencia, dun bo rendemento académico; é dicir, é outra fonte recorrente de estrés, de orixe social (os condicionantes sociais da saúde). Esa presión sobre os estudantes (exames estandarizados comparativos, selección para entrar en estudos universitarios...), combinada coa falta de tempo libre para relaxarse e xogar, agrava os problemas de saúde mental. Ademais, a exposición constante a impactos ilimitados da información e o rápido ritmo de consumo de contidos dixitais poden dificultar a capacidade de concentrarse e manter a atención nas tarefas. Así, a «fragmentación da atención» pode reducir o seu rendemento académico, co que se engade outra capa de estrés na mocidade. Este cambio pode afectarlles a funcións cognitivas como a memoria, a resolución de problemas e o pensamento crítico.

Deste xeito, a xeneralización dos teléfonos intelixentes está afectando negativamente, con «períodos sensibles» de socialización e maduración na infancia, como a adquisición da linguaxe, o desenvolvemento de habilidades sociais e a regulación emocional. Haidt afirma que a exposición excesiva ás pantallas durante estes períodos perturban os procesos normais de desenvolvemento (modela un cerebro máis vulnerable), o que podería ter efectos duradeiros no funcionamento cognitivo e emocional (desaxustándose, «desintonizándose entre pares»). Non obstante, a conexión permanente aos recursos dixitais da «xeración Z da ansiedade» alterou fundamentalmente as rutinas diarias, as interaccións sociais e incluso o xeito no que a mocidade procesa a información, que novamente incrementa o estrés e a ansiedade. A presión para manterse actualizado e participar constantemente con contidos pode ser abafante, e habitualmente conduce a síntomas de tecnoestrés, de nomofobia, ou medo a non poder acceder aos dispositivos. Como cuarto «dano á mocidade» enfatiza que a exposición permanente ás redes sociais dixitais provoca «fragmentación cognitiva», é dicir, esmiza a atención e reduce a capacidade de concentrarse nas tarefas.

Como mitigar os danos

A partir deste ano o autor afirma que os colexios que integran a intelixencia emocional e a aprendizaxe de habilidades sociais tenden a obter mellores resultados en saúde mental. Polo tanto, as escolas deben apostar por crear ámbitos nos que a mocidade poida prosperar tanto académica coma emocionalmente.

Para mitigar os efectos negativos avoga pola educación masiva nun uso saudable das redes sociais dixitais, polo desenvolvemento da alfabetización dixital sobre os seus riscos. Pero tamén reclama a aplicación de normas máis estritas para protexer os usuarios novos. Ademais, anima a pais e nais a fomentar unha comunicación aberta sobre as experiencias en liña e a socializar con hábitos tecnolóxicos saudables (perigos de compartir información persoal, ciberacoso...). Neste caso identifica tamén o risco de dar por feito que os proxenitores teñen o coñecemento necesario para establecer esa comunicación e que non fan un uso negativo na súa propia inserción (adulto) na realidade dixital. Adicionalmente defende un enfoque de crianza familiar máis equilibrado que lle permita á infancia máis liberdade para explorar e cometer erros. Tamén suxire que as familias xeren resiliencia fomentando a independencia e ofrecendo oportunidades para que os nenos participen en xogos non estruturados ou libres. En definitiva, equilibrar a protección e a independencia.

Así, o autor subliña a importancia de realizar un esforzo colectivo para abordar a crise de saúde mental. Reitera que a totalidade de actores sociais —xa sexan familias, escolas, comunidades, responsables políticos ou o sector privado— terían que coordinarse para crear ámbitos de apoio á mocidade e intervencións eficaces para protexer a súa saúde mental.

Deste xeito, presenta e defende que, para superar esta epidemia, as familias deben deixar de proporcionar teléfonos intelixentes antes dos catorce anos. Aposta por buscar un acordo colectivo das familias relacionadas entre si, e tamén escolarmente, no que se comprometen e coordinen para non mercar terminais até que os nenos atinxan esa idade. Como moito, pódenselles dar teléfonos básicos sen aplicacións que teñan conexión á internet. Ademais, debería evitarse (prohibirse?) o acceso a aplicacións de redes sociais dixitais antes dos dezaseis, obrigando gobernamental e lexislativamente ás empresas tecnolóxicas a comprobar fidedignamente que quen accede e se dá de alta nelas ten polo menos esa idade, e a responsabilizarse legalmente diso para que non poidan obter datos persoais nin métricas dos seus usos (coma por exemplo a lexislación británica Age Appropriate Design Code do 2020, xunto cos debates lexislativos estadounidenses da Kids Online Safety Act). A limitación do acceso á telefonía intelixente debería completarse e complementarse con «escolas-sen-telefone» de xeito permanente. Colexios e familias deben asegurar un meirande tempo de xogo libre sen supervisión e con independencia, sen medo, castigo ou reproches a aquelas familias que deixan sós os seus fillos e fillas en espazos con infraestruturas para o xogo (parques, randeiras, canchas...), proporcionadas e mantidas publicamente, e tamén nas escolas. Todas estas medidas baséanse nunha redución da crianza helicóptero e da obsesión pola seguridade, pois estas dificultan unha vida social en modo descuberta («déixame crecer!») a favor dunha vida (case) exclusivamente en modo defensa («protéxeme!»). Polo tanto, como sintetiza o seu autor: «*The Anxious Generation* é un libro sobre como recuperar a vida humana para seres humanos de todas as xeracións».

Debates públicos

O éxito en vendas, especialmente nos Estados Unidos, deste último libro de Jonathan Haidt, cunha forte influencia en familias, escolas e lexisladores, provocou, polo menos no mundo académico e mediático, un debate intenso. As críticas dominantes cuestionan a interpretación das súas estatísticas (correlación non implica causalidade), contribuíndo con estudos alternativos que non demostran de ningún xeito que o uso máis intensivo dos dispositivos tecnolóxicos pola mocidade sexa a principal ou única causa da deterioración da súa saúde mental (cun enfoque multifactorial; por exemplo, entre outras, as críticas de Candice L. Odgers na revista *Nature*). Como moito, sinalan que aqueles mozos con problemas previos de saúde mental empregan as redes sociais dun xeito negativo similar ao demostrado polo autor. Así mesmo, dízose que o libro non recolle os aspectos positivos das redes sociais, como o feito de que permitan unha interacción social para persoas con dificultades no «mundo real», ou incluso para aquelas que foxen do acoso dos espazos «analóxicos» (escolas, empresas, veciñanzas...); situacións nas que as redes dixitais lles poden dar acceso a recursos de apoio, axuda e coidados, aínda que sexan dixitais (como se demostrou durante a pandemia da covid-19), anonimamente, sen estigma, con seguranza. Denunciar, como fai Haidt (rozando o sensacionalismo?), unicamente as experiencias negativas das redes e os teléfonos intelixentes impide valorar os efectos positivos que lle ofrecen á cidadanía, especialmente se os datos estatísticos son controvertidos. Tamén se dubidou de que exista unha demostración científica indiscutible de que a exposición ás pantallas dixitais teña efectos no desenvolvemento cerebral e cognitivo, o que poría en cuestión ese «gran recableado».

Ora ben, incluso os críticos con esta obra comparten a maioría das súas propostas de intervención: control da idade de acceso, redución dos tempos de exposición, meirande responsabilidade das empresas que comercializan as aplicacións de redes sociais; e tamén a súa supervisión e moderación pública para obrigar a programar algoritmos e protocolos que restrinxan os contidos dixitais negativos (proposta publicamente rexeitada polas empresas, que apostan pola autorregulación). Convén lembrar que o poder socializador destas tecnoloxías fai que sexan, con moita probabilidade, irreversibles... o que xustifica socialmente, ademais do debate, a preocupación.

* * *

Jonathan Haidt é psicólogo social e profesor de Liderado Ético na Leonard N. Stern School of Business da Universidade de Nova York.

Recensión de **Arturo Lahera Sánchez**, profesor titular de Ergonomía e Socioloxía do Traballo na Universidad Complutense de Madrid. As súas áreas de investigación son a innovación tecnolóxica nas organizacións (intelixencia artificial e industria 5.0) e a avaliación da saúde ocupacional do factor humano. É investigador principal do proxecto «Buenas prácticas para la promoción de la salud mental en el trabajo», para o Instituto Nacional de Seguridad y Salud en el Trabajo.